

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E AS DIOCESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA INTERVENCIÓNS NO PATRIMONIO ARTÍSTICO DE TITULARIDADE ECLESIAÍSTICA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, don José Carlos López Campos, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De outra, don Francisco José Prieto Fernández, arzobispo de Santiago de Compostela, en representación de las diócesis del territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia, en virtud do mandato lexítimo outorgado para estes efectos e en exercicio das facultades que lle confiren o parágrafo 1 do canon 381 e seguintes do Código de dereito canónico.

Ambas partes teñen capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro: que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia e as dioceses da Comunidade Autónoma de Galicia asinaron un convenio de colaboración para garantir a conservación e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, artístico e documental da Igrexa en Galicia, dada a singular importancia cultural que representa o patrimonio histórico, artístico e monumental da igrexa en Galicia.

Terceiro: a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos ámbitos da súa competencia amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e a conservación do noso patrimonio cultural.

Cuarto: ambas as dúas partes son coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación e protección do noso patrimonio cultural polo que subscriben o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto a realización de intervencións de protección, conservación e rehabilitación das igrexas parroquiais pertencentes ao patrimonio artístico de titularidade eclesiástica.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, sinala no artigo 6.2 que unha comisión mixta entre a Xunta de Galicia e a Igrexa Católica establecerá o marco de colaboración e coordinación entre ambas as dúas institucións, para determinar as actuacións que se van desenvolver ao abeiro deste acordo. A organización, composición e funcións da citada comisión quedou regulada por Decreto 84/2017, de 3 de agosto, quedando legalmente constituída con data 27/12/2017.

O importe da subvención distribuirase entre as actuacións que van realizar nas dioceses, ata o límite máximo da dotación orzamentaria e nas seguintes porcentaxes, calculadas en proporción ao número de parroquias pertencentes a cada diocese:

- Diocese de Santiago: 21,50%
- Diocese de Mondoñedo-Ferrol: 15,80%
- Diocese de Ourense: 18,90%
- Diocese de Tui-Vigo: 12,70%
- Diocese de Astorga: 6,50%
- Diocese de Lugo: 24,60%

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para outorgar esta subvención non é necesario promover a concorrência pública, xa que o ámbito de actuación do convenio inclúe todas as dioceses de Galicia ademais de que o tratamento en condicións de igualdade entre as dioceses en canto á axuda está garantido polo establecemento do criterio para o reparto da contía, xa que se fará un reparto proporcional en función das porcentaxes mencionadas con anterioridade. Así mesmo, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe a medida de conservación dos mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

Segunda: achega económica.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, contribuirá, con cargo aos vixentes orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, na seguinte contía e aplicación orzamentaria:

- Importe: **600.000,00 €**
- Aplicación orzamentaria: **13.04.433A.781.1**

A distribución da achega económica a cada unha das dioceses en función das porcentaxes é a seguinte:

- Diocese de Santiago:	129.000,00 €
- Diocese de Mondoñedo-Ferrol:	94.800,00 €
- Diocese de Ourense:	113.400,00 €

- Diocese de Tui-Vigo:	76.200,00 €
- Diocese de Astorga:	39.000,00 €
- Diocese de Lugo:	147.600,00 €

Poderá xustificarse en cada intervención o importe da certificación final da obra realmente executada como resultado da súa medición final e/ou os honorarios da dirección facultativa. E procederá o seu pago sempre que exista remanente de crédito na contía correspondente a cada diocese e sen posibilidade de superar a contía autorizada para cada unha.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Terceira: obrigas do beneficiario.

- Contratar as empresas especializadas e os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o idóneo desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.
- Executar, no prazo de vixencia do convenio, a inversión obxecto deste.
- Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e ao resto das administracións competentes, os informes, as autorizacións e licenzas preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.
- O beneficiario consinte expresamente que se incúan os datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 de la Lei de subvencións de Galicia.
- En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, engadirase a imaxe institucional da Xunta de Galicia e do resto das partes, como entidades colaboradoras e en especial no cartel no que se dea información das intervencións. É dicir, no cartel de obra/restauración aparecerá tanto a imaxe institucional da Xunta de Galicia coma o importe económico que achega esta entidade.
- Contratar e promover a execución das obras conforme ao proxecto de intervención redactado con este obxecto, que deberá contar coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), e conforme ás determinacións e cautelas a prol da salvagarda do patrimonio cultural que conteña a resolución pola que se autorizan as obras.
- Contratar ás persoas competentes que se vaian encargar da dirección facultativa das obras (dirección de obra, dirección de execución material das obras e coordinación de seguridade e saúde).

- Comunicar á DXPC a data de inicio e recepción das obras/restauracións para comprobar a adecuada xustificación da subvención aos efectos do previsto no art. 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificar, en tempo e forma, de acordo coa forma indicada no convenio, os gastos realizados ao abeiro do mesmo.
- Enviar á DXPC, unha vez finalizadas as intervencións, as memorias finais das intervencións nas que se documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en todas e cada unha das fases das obras e para todas as disciplinas aplicadas, conforme determina o artigo 43.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas polo artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta: comisión paritaria.

Crearase unha comisión mixta de seguimento e control da execución do presente convenio. Esta comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta: xustificación dos investimentos.

Gastos que se poden subvencionar: os gastos que, considerados coma investimentos reais nos códigos que definen a clasificación económica dos gastos públicos, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada. Consideraranse que se poden subvencionar os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do 2026 ata a data límite de vixencia do convenio.

Os tributos son gasto a subvencionar cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos susceptibles de subvención os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación fixado.

Cando o importe do gasto que se subvenciona supere as contías establecidas, na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a entidade deberá de solicitar un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, servizo ou subministración de que se trate, agás, que polas súas especiais características non exista mercado suficiente de provedores ou que o gasto fose realizado con anterioridade á data de sinatura de concesión da subvención, o cal deberá de quedar acreditado na documentación xustificativa que se achegue para a percepción da axuda.

Documentación que ten que presentar o beneficiario:

- Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste acordo, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica, asinada polo órgano competente da entidade, xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como anexo I.
 - As facturas ou os documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - Extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento, por medios bancarios, das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán xuntar unha relación delas.
- Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique a entidade que a concede, a data e o importe total concedido (anexo II).
- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (anexo III).
- Certificacións de estar ao corrente por parte das entidades beneficiarias no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

En todo caso para o libramento da subvención será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas, así como a xustificación do cumprimento das obrigas da cláusula terceira.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo de presentación será ata o 1 de decembro de 2026.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>

Pagamento da subvención: realizarase logo de comprobar a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Pagamentos a conta: poderán realizarse pagamentos a conta que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata o límite máximo do 80% do importe. A contía restante, aboarase logo de xustificar a realización das actividades subvencionadas na súa totalidade.

Neste suposto o beneficiario estará exento da obriga de constituír a garantía se o Consello da Xunta autoriza a exención que se lle solicitou en virtude do artigo 67.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

A falta de xustificación dos investimentos determinará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención. De producirse esta situación, deberá aplicarse o disposto nos artigos 28.10 e 33 da Lei de subvencións de Galicia e, en consonancia con estes artigos, os que correspondan, de acordo co disposto nos artigos 54, 55, 56 e seguintes da dita lei.

Sexta: Facultades da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, non asume máis obriga que a de achegar a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscrición deste convenio non implica por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.

Sétima: Período de vixencia.

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, e estará vixente **ata o 31 de decembro de 2026**, considerándose subvencionables os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do 2026.

Oitava: Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena: Outras obrigas do beneficiario.

O beneficiario queda obrigado a:

- Non alterar o destino da achega.

- Realizar a correspondente execución segundo o plan proxectado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Admitir as inspeccións e os controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
- Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas.

Ademais son obrigas do beneficiario todas as que establece o artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

Décima: Subcontratación e reintegro.

A entidade beneficiaria poderá subcontratar o 100% da actividade. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención; quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

Se a actividade concertada con terceiros excede do 20 por cento do importe da subvención e o dito importe fose superior a 60.000,00 €, a subcontratación queda sometida aos requisitos que dispón o artigo 27.3 da Lei de subvencións de Galicia.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira: Publicidade

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido desta resolución será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo segunda: Réxime xurídico.

O presente convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación serán resoltas pola comisión mixta encargada do seu seguimento, á que se refire a cláusula cuarta.

No caso de persistir as discrepancias, estas serán resoltas polo conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, resolución que porá fin á vía administrativa, e que poderá ser obxecto de recurso contencioso-administrativo, ou potestativo de reposición perante o conselleiro.

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Ademais será de aplicación a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo terceira: Rescisión do acordo.

O incumprimento total ou parcial do estipulado neste convenio determinará a súa resolución, sen prexuízo das responsabilidades que resulten esixibles como consecuencia do dito incumprimento.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado no lugar e na data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

Polas dioceses do territorio da
Comunidade Autónoma de Galicia

José Carlos López Campos

Francisco José Prieto Fernández



Anexo I

MEMORIA ECONÓMICA DO CUSTO DAS ACTUACIÓNS

D/Dona

_____ con DNI _____, no nome e representación da
entidade _____, con CIF _____

DECLARA

Que os gastos que de seguido se relacionan, teñen relación directa co convenio de
colaboración asinado coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
para _____

Acredor	Nº fra.	Data fra.	Importe	Data pago
Suma dos investimentos				

Lugar e data

Sinatura



Anexo II

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dona _____ con
DNI _____, no nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

A) Que _____ para _____ a seguinte
actuación _____, a devandita
entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

Organismos	Ano	Importe (€)	Disposición reguladora

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

Organismos	Ano	Importe (€)	Disposición reguladora

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

_____, _____, de _____ de 2026.

Anexo III**DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA**

Don/Dona

_____, con DNI _____, no nome e
representación da
entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade á cal represento é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito de control: (2 díxitos)
- Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)